

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2007

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de xaneiro deste ano, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Primeira Tenenta de Alcalde DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON FRANCISCO FÉLIX FERNÁNDEZ LIÑARES, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA e DON JOSÉ RÁBADE ARIAS. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeno García, e asisten á sesión a Letrada Asesora, dona Ana Isabel Sáez Mancebo por substitución do Secretario Xeral do Pleno, e a Interventora Xeral Municipal, dona Rosa Abelleira Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 26 de decembro de 2007.

ÁREA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS E ZONA RURAL

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a ordenación da interrupción do procedemento de outorgamento da licenza de parcelamento da parcela matriz sita na rúa Río Landro, números 7-9.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para construción de edificio na rúa das Fontes, número 71 e de apeo de fachada para apertura de oco de acceso ó garaxe aparcadoiro, no edificio sito na ronda da Muralla, número 52.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a resolución de alegacións e denegación de aprobación definitiva do proxecto de compensación do polígono único do sector número 1 do SUNP “NORTE-B” do PXOU vixente.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN E ASUNTOS XERAIS.- Acórdase a aprobación inicial do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade para a contratación

de compañías de teatro para a VII mostra de teatro clásico e da apertura do procedemento de contratación.

Acórdase a aprobación inicial do proxecto técnico e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e mediante concurso para a contratación das obras de accesibilidade no Concello de Lugo (fase IV) e da apertura do procedemento de licitación.

Tamén se acorda a modificación do contrato subscrito coa mercantil encargada da execución do proxecto museográfico da porta de Lugo-centro de interpretación da Muralla de Lugo.

ÁREA DE ALCALDÍA

4. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase a constitución en parte no recurso contencioso administrativo número 948/2007, interposto contra a desestimación presunta, por silencio administrativo do Concello de Lugo, da solicitude da recorrente de suspensión dos efectos da licenza municipal de obras no seu día indebidamente concedida e se paralicen as obras xa iniciadas referentes á ampliación do sanatorio “Virxen dos Ollos Grandes”, por carecer a mesma do preceptivo arquitecto técnico director de execución da obra.

Tamén se acorda a constitución en parte no recurso contencioso administrativo número 989/2007, interposto contra o Decreto número 670/2007 do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade, do libro de resolucións de persoal, de data 3 de outubro de 2007, sobre a anulación do descanso previsto para os días 6 e 7 de outubro.

Lugo, 3 de xaneiro de 2007
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García